



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Lingua e sociedade do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

Materia	Lingua e sociedade do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01908			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Martín Lucas, Belén			
Profesorado	García Castro, Laura			
Correo-e	bmartin@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Introdución xeral á ampla gama de variedades do inglés existentes na actualidade e ós métodos empregados no seu estudo. Descrición dos trazos formais máis subliñables das variedades xeográficas máis estendidas do inglés e das pautas de variación máis significativas relacionadas con características dos falantes (estatuto social, idade, sexo etc) e da situación comunicativa (nivel de formalidade, tipo de texto). Tamén se ofrece unha revisión selectiva das achegas máis destacables da sociolingüística á análise da variación e o cambio lingüístico.			

## Competencias

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.

B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C124	Comprender os conceptos fundamentais da sociolingüística teórica e aplicada ao primeiro idioma estranxeiro.
C125	Coñecer as perspectivas e aproximacións que integran a disciplina sociolingüística.
C126	Familiarizarse cos trazos distintivos das variedades máis estendidas do idioma estranxeiro.
C127	Coñecer as pautas de variación máis significativas no primeiro idioma estranxeiro relacionadas con factores sociais tales como a clase social, a idade ou o sexo.
C128	Adquirir os coñecementos imprescindibles para analizar, interpretar, avaliar criticamente textos de distintas variedades (xeográficas, sociais, estilísticas) do primeiro idioma estranxeiro.
C129	Ser capaz de identificar un dialecto do primeiro idioma estranxeiro a partir dun texto e describir algunhas das súas características sintácticas e morfolóxicas.
C130	Ser capaz de identificar diferenzas lingüísticas en producións de individuos de diferente status social, sexo, idade, contexto de interacción, etc.
C131	Considerar a utilidade da teoría sociolingüística para a solución de problemas do mundo real (ex: a sociolingüística forense)

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento sobre as perspectivas e aproximacións que integran a disciplina sociolingüística.	A3	B1 B4 B6 B7 B9 B11 B12	C124 C125 C126 C127 C128 C129 C130 C131
Comprensión dos conceptos fundamentais da sociolingüística teórica e aplicada ao primeiro idioma estranxeiro.	A1 A2 A3 A4 A5	B3 B4 B5 B6 B8 B9 B13	C124 C125 C126 C127 C128 C129 C130 C131
Familiarización cos trazos distintivos das variedades máis estendidas do primeiro idioma estranxeiro	A1 A3 A5	B3 B5 B13	C125 C126 C127 C128 C129 C130
Adquisición dos coñecementos imprescindibles para analizar, interpretar e avaliar criticamente textos de distintas variedades (xeográficas, sociais, estilísticas) do primeiro idioma estranxeiro.	A1 A3 A5	B3 B5 B7 B8 B10 B13	C126 C127 C128 C129 C130 C131

Capacitación para identificar un dialecto do primeiro idioma estranxeiro a partir dun texto e describir algunhas das súas propiedades sintácticas e morfolóxicas, así como para identificar diferenzas lingüísticas en producións de individuos de diferente status social, sexo, idade, contexto de interacción, etc.	A1 A3	B10	C125 C126 C127 C128 C129 C130
--	----------	-----	--

## Contidos

Tema	
1. Introduction (week 1)	1.1. A sociolinguistic tool kit 1.2. Sociolinguistic data 1.3. Reading: Sociolinguistics and language change (Andrew Hamer) 1.4. Assignments
2. Accent and dialect (week 2-3)	2.1. Attitudes to accent variation 2.2. Dialectal variation 2.3. Reading: Foreign accents in America (Rosina Lippi-Green) 2.4. Assignments
3. Register and style (week 3-4)	3.1. Euphemism and register 3.2. Register 3.3. Reading: Style and ideology (Norman Fairclough) 3.4. Assignments
4. Ethnicity and multilingualism (week 5-6)	4.1. Code-switching 4.2. Ethnology 4.3. Reading: Language contact and code-switching (John Edwards) 4.4. Assignments
6. Prestige and language loyalty (week 6-7)	6.1. The changing prestige of RP 6.2. Prestige and linguistic minorities 6.3. Reading: The process of standardisation (James Milroy) 6.4. Assignments
7. Age and gender (week 8-9)	7.1. The reality of genderlects 7.2. Gender 7.3. Reading: Men's and women's narratives (Janet Holmes) 7.4. Assignments
8. Pidgins and creoles (week 9-10)	8.1. Post-creolisation 8.2. Characteristics of pidgins and creoles 8.3. Reading: The origins of pidgins and creoles (Ronald Wardhaugh) 8.4. Assignments
9. New, national and international Englishes (11-12)	9.1. Post-colonisation and New Englishes 9.2. Models of analysis 9.3. Reading: World Englishes and contact literature (Braj Kachru) 9.4. Assignments
10. Politeness and accommodation (week 12-13)	10.1 Politeness in mixed-sex conversation 10.2 Politeness 10.3. Reading: Closing turns (Emanuel Schegloff and Harvey Sacks) 10.4. Assignments

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	25	55
Resolución de problemas	19	30	49
Traballos e proxectos	1	38	39
Probos de resposta curta	2	5	7

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo alumnado. Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Serán o complemento da lección maxistral.

<b>Atención personalizada</b>	
<b>Metodoloxías</b>	<b>Descrición</b>
Resolución de problemas	Debate e discusión na clase sobre como acometer o análise de todo tipo de conceptos e situacións sociolingüísticas
<b>Probas</b>	<b>Descrición</b>
Traballos e proxectos	Orientación na búsqueda e emprego de material e ferramentas para o estudo da sociolingüística

<b>Avaliación</b>					
	Descrición	Cualificación		Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Lección maxistral	Participación nas sesións maxistras sobre contidos relacionados coas lecturas previas e o seu coñecemento da lingua e da sociedade.	20	A3 A5	B6 B7 B11 B12	C124 C125 C126 C127 C128 C129 C130 C131
Resolución de problemas	Probas curtas a realizar na clase ou na casa sobre un tema que se está a debater (reaction papers)	20	A3 A5	B1 B4 B6 B9 B10 B11	C124 C125 C126 C127 C129 C130 C131
Traballos e proxectos	Presentación oral dun traballo sobre un tema asignado a principio de curso + Breve traballo escrito que recolla de modo coherente y estruturado os contidos da presentación oral	40	A3 A5	B1 B4 B6 B7 B9 B10 B11 B12	C124 C125 C126 C127 C128 C129 C130 C131
Probas de resposta curta	Exercicio escrito final de carácter experimental: Aplicación práctica de contidos teóricos explicados ao longo do cuatrimestre.	20	A5	B1 B4 B6 B9 B10 B11	C124 C125 C126 C127 C128 C130 C131

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

#### **PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS**

Habida conta da relevancia da asistencia e participación no caso da **avaliación continua**, que é o tipo de avaliación que se empregará por defecto para esta materia, é aconsellable que todo o alumnado asista á clase con regularidade desde o comezo do curso. Na segunda sesión do curso estipulárase o traballo a realizar para a sección de traballos e proxectos individuais e en grupo e distribuírse e pautarase o cronograma de traballo a cubrir.

Para a avaliación continua computarán os seguintes parámetros obrigatorios (entre parénteses figuran as porcentaxes equivalentes da cualificación final):

- (1) Participación activa e lecturas previas nas sesións maxistras e seminarios (20%).
- (2) Probas curtas a realizar na clase ou na casa sobre un tema que se está a debater (reaction papers) (20%).
- (3) Presentación oral en horario de clase e Dossier (breve traballo escrito) dun estudo sobre un tema relacionado cos contidos da materia. A data exacta será asignada ao comezo do curso (40%).
- (4) Exercicio escrito final de carácter experimental (20%): Aplicación práctica de contidos teóricos explicados ao longo do cuatrimestre. Deberá entregarse antes do 21 de abril para a súa corrección por parte da profesora e para debater na derradeira semana de clase.

O alumnado cuxa media numérica de probas de avaliación continua na primeira edición de actas (maio) sexa suspenso

poderá concorrer á proba oficial (un exame único global da materia que supoñerá o 100% da cualificación final) da segunda edición de actas en xullo segundo marque o calendario oficial aprobado a tal efecto pola Xunta de Facultade e publicado oficialmente nos canles habituais .

O alumnado que non poida realizar as probas de avaliación continua terá que notificarllo argumentadamente á profesora a principio de curso. Este alumnado fará unha proba escrita na data oficial aprobada en Xunta de Facultade para a **avaliación única** no mes de maio, que contará o 100% da nota. De suspender esta proba, poderá concorrer á proba oficial (un exame único global da materia que supoñerá o 100% da cualificación final) da segunda edición de actas en xullo segundo marque o calendario oficial aprobado a tal efecto pola Xunta de Facultade e publicado oficialmente nos canles habituais .

## **SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)**

Constará dun exame único global da materia que supoñerá o 100% da cualificación final. A data será a data establecida no período oficial de exames en xullo aprobado en Xunta de Facultade.

### **ACLARACIÓNS:**

Todas as datas das probas de avaliación continua (á excepción da do exame oficial de xullo) serán establecidas unha vez que sexan acordadas co alumnado na primeira semana de curso e serán publicadas nun cronograma que se publicará en FAITIC nesa mesma semana.

En caso de calquera tipo de plaxio a cualificación final será de suspenso. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Stockwell, Peter, **Sociolinguistics: a resource book for students.**, Routledge, 2002

### **Bibliografía Complementaria**

Cheshire, Jenny and Peter Trudgill (eds.), **The sociolinguistics reader, vol 2. Gender and discourse.**, Arnold, 1998

Coulmas, Florian., **Sociolinguistics. The study of speakers' choices.**, Cambridge UP, 2005

Coupland, Nikolas and Adam Jaworski (eds.), **Sociolinguistics. A reader and coursebook.**, MacMillan, 1997

Fasold, Ralph W., **The Sociolinguistics of Language.**, Blackwell, 1993

Holmes, Janet, **An Introduction to Sociolinguistics.**, Longman, 1992

Jenkins, Jennifer, **World Englishes. A resource book for students.**, Routledge, 2003

Kirkpatrick, Andy, **World Englishes. Implications for International Communication and English Language Teaching**, Cambridge UP, 2007

Meyerhoff, Miriam, **Introducing Sociolinguistics.**, Routledge, 2006

Tagliamonte, Sali A., **Analysing sociolinguistic variation**, Cambridge UP, 2006

Tagliamonte, Sali A., **Variationist Sociolinguistics: Change, Observation, Interpretation.**, Wiley-Blackwell Publishers., 2012

Trudgill, Peter., **Sociolinguistic Variation and Change**, Edinburgh University Press., 2002

Trudgill, Peter & Jenny Cheshire (eds.), **The sociolinguistics reader. vol 1. Multilingualism and variation.**, Arnold, 1998

Trudgill, Peter & Jean Hannah., **International English. A Guide to the Varieties of Standard English**, 5th, Hodder Education., 2008

Trousdale, Graeme., **An Introduction to English Sociolinguistics**, Edinburgh University Press, 2010

Wardhaugh, Ronald., **An Introduction to Sociolinguistics.**, Blackwell, 1998

Wardhaugh, Ronald., **An Introduction to Sociolinguistics.**, Blackwell, 1998

Wardhaugh, Ronald., **An Introduction to Sociolinguistics.**, Blackwell, 1998

Wardhaugh, Ronald., **An Introduction to Sociolinguistics.**, Blackwell, 1998

Wardhaugh, Ronald., **An Introduction to Sociolinguistics.**, Blackwell, 1998

Trousdale, Graeme., **An Introduction to English Sociolinguistics**, Edinburgh University Press, 2010

Wardhaugh, Ronald., **An Introduction to Sociolinguistics.**, Blackwell, 1998

---

## **Recomendacións**

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Outros comentarios**

---

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

É fundamental entregar á profesora ou profesor a FICHA durante a primeira semana de clase.

---